

#deseñogalego
#materiotecadegalicia

@InnovaDeseno
@innova_con_deseno_galego



Workshop MINARÍA URBANA PARA MAKERS

Venres, **15 de decembro** de 2023. De 10:00 a 14:00 h.
CIS Tecnoloxía e Deseño, Ferrol



MATERIOTECA DE GALICIA

Os residuos procedentes de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs) teñen un impacto medioambiental moi negativo se non son xestionados de forma axeitada. Especialmente importante é rescatar compoñentes que conteñan minerais clasificados como críticos pola UE, coma o arsénico, o cadmio, o chumbo ou o mercurio.

Cando descartamos de forma inadecuada dispositivos como microondas, tablets, frigoríficos ou lavadoras, estes rematan en vertedoiros contaminando o noso solo e a nosa auga. A este impacto negativo súmase a contaminación de fabricar novos aparellos.

Segundo Nacións Unidas, en 2021 bateuse un récord en produción RAEEs, con 53,6 millóns de toneladas a nivel mundial, un aumento do 21% en apenas 5 anos. Só en España xeneramos anualmente unhas 80.000 toneladas de lixo o que equivale a 18 kilos por habitante e ano.

A minaría urbana entende os compoñentes destes aparellos como recursos e materia prima que teñen un valor e unha utilidade. Tanto o movemento Maker coma iFixit contribúen a aproveitar estes recursos promovendo a reutilización e reciclaxe e xerando novas solucións funcionais e artísticas.

Coa finalidade de dar a coñecer boas prácticas e promover o aproveitamento dos RAEEs de maneira creativa deseñamos un workshop de minaría urbana para makers que contará coa participación de expertos, exposición de proxectos e un obradoiro práctico para público non especializado.

10.00 - 10.30 h

Presentación da xornada

Santiago Nieto. Materioteca de Galicia. Axencia Galega de Innovación

10.30 - 11.00 h

"A economía circular como novo modelo de crecemento rexenerativo: a creación de valor a través dos residuos electrónicos na minaría urbana"

Alejo Calatayud. Consultor en sustentabilidade e especialista en RAEEs

11.00 - 11.45 h

Mesa Redonda: "O papel do movemento Maker e iFixit na minaría urbana e a economía circular: presente e futuro"

Roberto Benavides. CEO de Power UP e membro de Retrogalaicos

Lucas Ayude. Socio fundador en Ilectrosat. Membro do colectivo Maker

Alejo Calatayud. Consultor en sustentabilidade e especialista en RAEEs

Aitor Puente. Director Asociación Galega de Áridos

Modera: Leticia Costas - divulgadora científica e consultora de innovación

11.45 - 12.00 h

"O valor estratéxico da sustentabilidade: unha responsabilidade compartida"

Josefa de León. Directora Estratéxica Agroamb e Vicepresidenta de Viratec

12.00 - 12.30 h

Pausa café e exposición de proxectos maker

12.30 - 14.00 h

Obradoiro "Introducción á recuperación e reutilización de RAEEs en proxectos maker"

Lucas Ayude. Socio fundador en Ilectrosat. Membro do colectivo Maker